

CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

ACTA N° 2023/12
SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN
- CASA DO CONCELLO, XOVES 26 DE OUTUBRO DE 2023 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria acctal que subscribe, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria, **Sesión Extraordinaria Urxente do Pleno da Corporación.**

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

PSOE

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

PATRICIA DOMINGUEZ MARINO

FELIPE VILELA VILELA

BNG

MARIA MERCE BARRIENTOS VARELA

PP

SANDRA VILELA RIVEIRO

SOFIA LOPEZ SIMON

ROSARIO GONZALEZ LEMA

IxMuxía

FRANCISCO JAVIER SAR ROMERO

AURELIA MARIA PICALLO MERLAN

SECRETARIA ACCTAL: M. CARMEN BARCIA FERNANDEZ

INTERVENTORA: ROSA FERNANDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.-RATIFICACION URXENCIA DA CONVOCATORIA

O Sr. Alcalde explica que a urxencia en convocar este pleno ven motivada pola importancia de aprobar unha serie de facturas pendentes de pago por este concello e sobre todo á empresa REACTEDA que é a empresa de axuda non fogar responsable do pago ás traballadoras que queren cobrar, polo que queremos facer esta consideración con eles.

Facemos este pleno extraordinario urxente porque se fixo unha modificación orzamentaria para contemplar unha maior partida nese ámbito, xa que a licitación dese servizo leva o seu tempo e polo tanto esa previsión de gasto aumenta, e falei persoalmente coa empresa para que tivese unhas condicións mellores en canto non se aclare esta situación e polo tanto que repercutira nas traballadoras e traballadores que estaban prestando este servizo deste concello.

Unha vez rematado o prazo de publicación da modificación orzamentaria é cando convoco esta sesión extraordinaria

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

urxente para este día e así mañán poder facer os pagos dos que tratamos de aprobar hoxe. Falei co xerente da empresa para poder pagar tamén o mes de outubro e presente a factura canto antes, xa que existe suficiente partida para elo.

Dentro desta relación existen outras que teñen que ver coas Festas do Mar, pero a urxencia ven motivada sobre todo para que cobren as traballadoras de axuda a domicilio o antes posible.

Quero comentar un tema que non vai en detrimento de ningún funcionario, quero dirixirme a interventora que fixo un traballo magnífico xa que a secretaria esta semana está nun foro no estranxeiro e non quixen esperar ata a semana e así poder convocar este pleno xa que a interventora considera que estes cartos que están disponibles hai que aprobalos en Pleno en forma de REC.

-Toma a palabra a voceira do grupo municipal PP Dna. Sandra Vilela para dicir: “ Sobre a urxencia nós ímonos abster porque consideramos que non é urxente. Creo que é a primeira vez que son concelleira que se me convoca a un pleno urxencia para a probar un REC,e máis para aprobar facturas dun servizo que sabemos que temos que pagar e asumir todos os meses, dicir que para eso hai que convocar un pleno sin tan siquera 24 horas de antelación, é dicir a falta de previsión, de xestión de rigor, que sa vimos denunciando é obvia.

Estas mulleres están sin cobrar por culpa da xestión do seu goberno e temos que vir unha vez máis aquí para salvar a vostede, porque si tivera licitado o servizo do SAF esto non pasaría. Si dotase nos orzamentos municipais unha partida de previsión para os gastos do SAF esto non pasaría, e todo isto non o di o PP o di intervención e xa o falamos moitas veces no pleno, isto non é novo, xa que as traballadora xa tiveron o mesmo problema anteriormente. Este servizo hai que licitalo como xa o dixeron todas as interventoras, e vostede ten que saber que hai que pagarlle á empresa todos os meses. No pleno anterior houbo unha modificación de crédito de 700.000 €. Vostede preocupase de recoller firmas para que cobren os seus concelleiros pero non se preocupa de ter os cartos para que cobre pagarlles a esta xente.

O PP xa propuxo en algún pleno que se fixera unha bolsa de emprego, ou que se fixera a xestión do SAF por medio da contratación o concello. Esta xente non debería de estar sen cobrar se vostede fixese ben a xestión destes recursos con un mínimo de control do gasto desde o concello, e polo tanto ímonos abster.”

-Toma a palabra a voceiro do grupo municipal IxM, Sr. Javier Sar: “Nos tamén nos imos abster e por unha cuestión fundamental xa que este pleno non debería de ser extraordinario nin urxente, primeiro porque todo isto tiña que estar licitado, e sen estar licitado no mes de xullo fíxose unha modificación de crédito de 440000€ e se contemplara esta cantidade de cartos xa nos aforrariamos esta modificación de crédito e a xente xa tiña cobrado desde agosto, e tamén está a xente que fixo as Festas do Mar. Os informes de intervención son negativos, o SAF ao ano ao concello lle Muxía suponille aproximadamente uns 500000€ e agora resulta que o pleno extraordinario que pediu IxM e o Bloque anteriormente a este era absurdo e un gasto innecesario e creo que este eo máis, e non pola empresa que ten que cobrar se non pola forma de xestionalo vostede.”

-Toma a palabra a voceira do BNG -Grupo Mixto Dna. Merce Barrientos. “Mire vostede acaba de dicir que se ven a empresa é responsable das traballadoras tamén é certo que vostede asinou coa empresa e o delegados sindicais un convenio donde se aclaraba que a empresa adiantaría como máximo un mes do pago do salario das traballadoras, e polo tanto era perfectamente coñecedor de que a capacidade económica da empresa non era maior de para asumir un mes, e sabendo que a factura de agosto non estaba abonada vostede non trouxo aquí unha modificación de crédito en xullo para poder abonar esas facturas que era o que debería de facer alguén responsable e non o trouxo. Tampouco

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

convocou en agosto un pleno extraordinario para levar esa modificación de crédito e que se tramitara no periodo que vostede dicia de 15 días hábiles para que se pudesen presentar as facturas e pagar inmediatamente, e non o fixo, e vostede era coñecedor de que si non facia eso estas traballadoras non cobraban e deixou a modificación de crédito ata o 21 de setembro sabendo que non tería dispoñibilidade de cartos para pagar ata finais de outubro.

Ademais estas traballadoras foron enganadas porque se lles dixo que ían cobrar o 13, o 16, o 21, o 23, pero estamos a 26 e as traballadoras aínda non cobraron, e a única responsabilidade é súa, xa que ven dicindo que aínda que a responsabilidade é da empresa queremos ter unha consideración. Pois eu creo que o que tivo vostede con estas traballadoras é unha desconsideración. A licitación levallle anos porque estará ocupado noutras cousas, pois hai que vir e xestionar, non vale vir aos plenos e nos 15 días seguintes non aparecer polo concello. Eso non vale hai que traballar. "

O Sr alcalde interveu para dicir que quere que conste en acta a frase literal que acaba de dicir a Sra. Concelleira Dña. Merce Barrientos.

Continúa Dña. Merce Barrientos : As persoas que están aquí e que fixeron o seu traballo sen cobrar ademais estanse a desprazar no seu coche para prestar o servizo e tiveron que adiantar do seu bolsillo os gastos de desprazamento para facer eses traballos que non cobraron.

Sexa vostede transparente, a secretaria non está porque está en Irlanda buscando un proxecto europeo interesante para Muxía."

-Sr. Alcalde interveu para decirlle á concelleira Dña. Merce Barrientos de que non está autorizada para falar do que fai cada traballador do concello.

-Continúa a voceira do BNG Dña. Merce Barrientos: O que lle estou pedindo e que sexa vostede transparente e cando afronte un proxecto conteo que non pasa nada eso chamase transparencia. O BNG solicitou xa a licitación do servizo nunha moción para o seguinte pleno ordinario, e solicitará a devolución dese servizo a xestión pública xa que hai unha sentenza que senta xurisprudencia e que establece que se terán que manter as condicións laborais das traballadoras coas condicións de fixo, e esa sentenza non ten moito tempo, e contemplando que eso será un beneficio para as traballadoras o BNG solicitará a reincorporación do servizo a xestión pública.

Respecto á urxencia do pleno é verdade que o pleno é urxente pola súa falta de xestión".

A urxencia da convocatoria queda favorablemente informada cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PSOE (5) e BNG (1), e coa abstención do resto dos concelleiros, 2 do grupo municipal de IxM e 3 do grupo municipal do PP.

2.-RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITO 3/2023

A Secretaria acctal explica que todos os grupos teñen copia da proposta de Alcaldía ao respecto deste punto.

-Toma a palabra a voceira do grupo municipal do PP Dña. Sandra Vilela:" Eu creo que a postura do PP está explicada ao respecto deste REC, é certo que hai máis facturas que as do SAF e que son facturas da Ruta do Mar, e é un pouco o mesmo vostede ponse a facer as Rutas do Mar sen licitar, sen ter crédito para facelas, igual que o tema do SAF. Se hoxe a oposición votase en contra do REC que ten o informe desfavorable de intervención os malos seríamos nós, e resulta que a realidade é que se estamos votando esto hoxe non deixa de ser porque a súa xestión é lamentable. O normal

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

sería que a oposición votase en contra porque existe un informe da intervención deste concello onde se fala que se está incumplindo a normativa, onde se fala que se está incumplindo a lei de contratos, onde se fala que vostede está incumplindo a lei.

Efectivamente díxose vostede ao Sr. Sar que a delitos podíamos ir todos pois vostede xa sabe o PP xa denunciou a situación do SAF na fiscalía que é onde entendemos que temos que facelo porque se vostede está facendo algo ilegal onde temos que denuncialo é na fiscalía. A fiscalía nos remite o 6 de febreiro de 2023 unha dilixencia onde nos di que remata a investigación para presentar o escrito de denuncia no xulgado de Corcubión.

Levamos denunciando a situación do SAF anos. Vostede xa estaba fai 4 anos e o SAF xa estaba nesta situación. Este servizo é financiado ao 50% entre a Xunta e o Estado e a Xunta está aportando o 70%, ao que o Sr. Alcalde contesta que a Xunta debería de pagar o 100% deste servizo, xa que quen está subvencionando á Xunta son os Concellos para que estas persoas teñan un mínimo de cuidados.

Continúa no seu turno de palabra a voceira do PP Dña. Sandra Vilela: "Ahora estamos falando de Muxía e do SAF de Muxía. O Concello é o que ten privatizado o servizo do SAF. ¿Por que non se fai unha bolsa de emprego como se fai para os de servizos múltiples?. Ou por que non se leva a xestión directa do servizo?. Xa que non existe unha cousa nin outra por que se leva 4 anos sen licitar cando se sabe que esta situación non e pode manter no tempo porque o di intervención, ou por que non se aproban os orzamentos cando se teñen que aprobar e se lle da a dotación orzamentaria ao servizo SAF que é necesaria para que estas mulleres ou homes non teñan estes problemas para cobrar. Se vostedes fixeran as cousas mínimamente ben xa cobrarían e non teríamos que estar aquí. O partido popular vaise abster porque non nos queda outro remedio, porque hai un informe desfavorable de Intervención e porque si votamos a favor desta proposta que vostede nos trae podemos estar incurrindo nun delito."

O Sr. Alcalde diríxese á concelleira do PP Dña. Sofía López para dicirlle de que se non está de acordo que dimita que é o que ten que facer.

-Dña. Sandra Vilela diríxese ao alcalde para dicirlle que ese non é problema del que é do PP.

-Dña. Sofía López pregunta se lle pode contestar.

-O Sr. Alcalde dille que non lle chame chico que non llo consinte e non ten turno de palabra, que vaia dimitindo e deixe de facer o tonto.

-A Sra. Sofía dille que non se dirixa entón a ela.

-Dña. Sandra Vilela toma a palabra para acabar co seu turno dirixíndose ás traballadoras dicindo que se van abster porque non poden facer outra cousa xa que si votan a favor desta proposta podemos estar incurrindo nun delito e para salvagardarnos das consecuencias xurídicas que pode traer esta cuestión. Se as cousas non cambian esto vai seguir así. A algunhas de vós xa volo dixen no seu momento que esto había de licitalo e mestras eso non ocorra en calquer momento pode volver a pasar esto que está pasando. Pola parte do PP seguíde pelexando. Moito ánimo e moita sorte."

-Toma palabra o voceiro de IxM para dicir: "Sr. Alcalde aparte dos informes de intervención que xa di que non seguio o procedemento adecuado para o seu servizo do SAF xa falamos, ímos agora coas Festas do Mar que tiñan que estar licitado, pero hai unha factura das festas do Mar do ano 2022, e quero saber se hai algún erro, ao que a Interventora contesta que é do 2022. Tamén me gustaría saber como se contabilizan os cartos que se recaudan nos postos da Festa do Mar. Tamén me gustaría saber se vai licitar o SAF nos orzamentos do 2024. Tamén quería saber o tema das clases de

CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

teatro que é continuado e habería de licitalo. Creo que non habería ningún problema por parte da oposición se estos temas estivesen licitados. Creo que se están buscando problemas donde non os hai.”

-O Sr. Alcalde contesta: A factura da que vostede fala presentarona este ano. Pregútelles vostede por que a presentaron este ano.

-Toma a palabra a voceira do BNG dna. Merce Barrientos: “Respecto das facturas xa lle dixemos que o BNG cando veñan con reparo de Intervención non vai aprobalas polo mesmo motivo que expuxo a Sra. Sandra Vilela e é que asuman as reponsabilidades aquelas persoas que aproben estas facturas sen o procedemento adecuado. Voume abster pero ten que entender que por este motivo e saian adiante o pago desta facturas non exime a vostede da responsabilidade que esto supoñe, e por consideración a esta xente que está aquí creo que deberíamos de acabar este pleno e que esta xente poda ir tranquila para casa sabendo que poden cobrar o seu salario.”

O Sr. Alcalde manifesta que asumindo os riscos que esto supoñe procede á votación, que o Pleno, por 5 votos a favor do grupo municipal do PSOE, e a abstención do resto dos concelleiros 6 (1 BNG-3 PP e 2 de IxM), acorda aprobar o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito 3/2023 dentro do orzamento prorrogado da Corporación para o ano 2023, por importe de 125.503,99€.

Ás 21:16 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria/acctal, dou fe.

Concello de Muxía, a data da sinatura electrónica

A secretaria acctal M. Carmen Barcia Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña